



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo



Concello de Lugo

ENTRE CORES E SONOS

COVEDA

ENTRE CORES E SOÑOS

Estamos ante unha exposición nada convencional. As obras que a integran son produto da memoria dun tempo e dun lugar. Un tempo e un lugar orixe deste presente e desta mesma terra.

A memoria, o tempo e as obras xorden da lembranza de Carlos Bóveda, que parece que as pariu precisamente non só con cores, senón tamén con son. Cada obra con cada seu son.

Pero o que marcou rotunda e decididamente o trazo da súa pintura foi xustamente o lugar: Padrón, e unha nación: Galicia. Unha presenza permanente no maxín de Bóveda, pese aos seus 40 anos de residencia en Bos Aires.

Nado en Ponte Cesures-Padrón(1933), coincidiu no país suramericano con artistas do seu mesmo nivel, aínda que estes acusaron a influencia da terra de acollida entremesturando os temas dos seus traballos.

A cotío, Bóveda collía os seus trebellos de artista e fundíase coa marxinal paisaxe e a súa xente. Cada día, o mestre era seguido por unha nube de nenos e recibido con respecto polos habitantes deste territorio chamado “Villa Dorrego”. Recibía o cariño e a aceptación dos ‘villeros’, cos que compartía tardes e pasteis caseiros. A vila estaba situada no corazón de Palermo, hoxe un barrio puxante e de moda.

“Non son pintor de alcobas”, dicía o artista. E a anterior anécdota ratífao como pintor dos humildes, dos necesitados, dos sen voz. Porén, un estraño día, Bóveda decidiu repintar eses cadros e puxo outra vez as súas lembranzas. Galicia irrompeu con maior forza aínda na súa creación.

Eran anos difíciles. A loita entre as súas lembranzas (coa Guerra Civil incluída) e a súa necesidade de adaptación ao novo país, ardía por dentro. Xunto con Carlos Bóveda, facían historia por Galicia e pola arte os seus compatriotas Luís Seoane, Laxeiro, Castro Couso, Geno Díaz, Marcos de Abeleda, Isaac Díaz Pardo, Demetrio Urruchua, José Solla, Albino Fernández e José Sevilla, entre outros.

Compartiu espazo artístico tamén cos pintores arxentinos, Alonso, Enzo Benfatto, José Cabello, Humberto Souto, Axis, Carlos Cañas, Vicente Forte, Pérez Celis, Leopoldo Presas, Mayo López, Antonio Berni...

Paseniñamente, Arxentina vaino gañando nos seus afectos. Arribou a Río de la Plata cando acababa de cumprir os 29 anos de idade, deixando atrás arduos anos de formación no mundo da plástica.

Comezou na cerámica Celta, de Pontecesures (Pontevedra), onde deixou unha profunda pegada do seu xenio creador, como por exemplo

a escultura da Lavandeira que, no ano 1995, os herdeiros e actuais propietarios de Cerámica Celta lle atribuíron erroneamente a Asorey.

É precisamente nesta empresa onde coñeceu o gran mestre Asorey, e tamén a Acuña, Carlos Sobrino, Bonome...

Simultaneamente participaba no incipiente movemento cultural que se estaba xestando na zona e que se materializaban no Ateneo do Ullán.

Tamén colaboraba coas súas ilustracións no periódico *La Noche* e coas viñetas que resumían o humor de cada día. Época franquista, de cada dez viñetas, oito viñan rebotadas pola censura. Esta falta de liberdade íao facendo e, primeiro, decidiu deixar de debuxar as viñetas e, posteriormente, empurrouno a ese voluntario desterro suramericano.

Traballador incansable durante toda a súa vida, non deixou de pintar nin un só día. Regresou a Galicia 40 anos máis vello e coa mesma ilusión dos seus inicios, apoiada nunha enorme cota de seguridade nas súas conviccións máis profundas, ás que nunca renunciou. Seguiu pintando mentres expoñía no Hostal dos Reis Católicos, Auditorio de Padrón etc.. E deixou armadas outras exposicións para inaugurar tras o seu pasamen-



to; entre elas, as obras para unha mostra na Casa de Galicia de Madrid (Xunta de Galicia).

Traballou ata o último día dunha vida que ía escapando irremediabilmente. E tal vez, porque él coñecía perfectamente a súa situación, deixou toda a súa obra perfectamente clasificada e catalogada, incluída a súa última pintura, que permanece sen asinar.

A SÚA PINTURA, SIMILITUDE BÓVEDA-LAXEIRO

Carlos Bóveda podería definirse como un pintor conceptual. O seu trazo é forte e persoal.



O tema dos seus traballos é: Galicia, as súas paisaxes e a súa xente.

Ao longo da súa vida pasou por diferentes etapas, abarcando distintas técnicas e emprego do óleo (espátula, pincel, dedos...).

Durante os seus últimos anos en España e os primeiros en Arxentina, o negro marca a súa creación, así como os tons moi escuros. É nesta etapa cando se dá unha coincidencia moi curiosa: Carlos en Galicia e Laxeiro, xa residente na Arxentina, pintan co mesmo estilo e con cores similares.

Non se coñecían (aínda que cada un sabía da existencia do outro). Cando se encontran, quedaron abraiaados pola semellanza dos seus traballos. Tanto parecido move a un crítico e periodista arxentino a preguntarlles o porqué de tanta similitude. Ambos os dous responden, case a coro: “Porque somos galegos”, e os dous admiten estar fortemente influenciados pola pintura negra de Goya.

◀ Muller
Óleo sobre tablex
49 x 41 cm

◀ As tres agraciadas
Óleo sobre tea
24 x 33 cm

A curiosidade de Laxeiro por coñecer a Carlos Bóveda levouno a asistir a unha exposición deste no Centro lucense de Bos Aires (motivo da súa viaxe a ese país), e a partir dese intre xurdiu unha amizade fraternal que durou ata a morte de Laxeiro, que afectou notablemente a Bóveda.

A creación de Carlos é moi variada e pode considerarse o produto do seu enorme interese pola investigación das diferentes técnicas. Á súa época negra sucédelle o puntillismo, onde os seus cadros son moi cromáticos. Posteriormente, incursiona no abstracto, mantendo o carácter de denuncia social que o acompaña desde os seus inicios. Seguidamente, volve á pintura figurativa pero esta vez moi colorida, onde os seus personaxes (sempre moi galegos) pasan a ser máis alegres e deixan atrás a súa anterior condición de pobreza para converterse en algo así como os prototipos da “Galicia ceibe”, que Bóveda sempre soñou.

Nesta mostra, pódense ver obras de distintas etapas de Carlos Bóveda. Todas elas integradas na catalogación realizada polo propio pintor.

Autor: Héctor Barrera